

Aprender a Investigar

Mes das Letras 2022

Malpica, a nosa vila

Laboratorio Documental
Mes das Letras 2022



Imaxe de www.seminariogalego.org




Imaxe cedida por Xurxo Alfeirán Chouciño

Letras Galegas e Malpica, a nosa vila
Aula 4ºEP – CEIP Milladoiro
Curso 2021-22

4º de Educación Primaria
CEIP Milladoiro - Curso 2021/22
Malpica de Bergantiños

INDICE

1. Introducción
2. Temática a investigar
3. Tarefa Integrada: *Malpica, a nosa vila*
4. Documentación elaborada
5. Actividades
6. Recursos e fontes de consulta
7. Implicación da comunidade educativa
8. Difusión entre a comunidade educativa
9. Avaliación
10. Función e participación da Biblioteca



1. Introducción

A presente memoria deriva das aprendizaxes vivenciais experimentadas ao longo do curso 2021/22 na aula de 4º de Educación Primaria do CEIP Milladoiro de Malpica de Bergantiños. Un grupo composto por 18 nenas/os (3 alumnas/os con apoio educativo e 1 alumno con NEAE de carácter permanente) que no presente curso iniciaron a materia de Libre Configuración (para 4º e 6º de Educación Primaria): [**Aprender a Investigar**](#). A súa metodoloxía non lles era allea, posto que dende Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria aprenden por descubrimento, investigando, documentándose para chegar ao coñecemento transformando a información.

O Proxecto Documental Integrado (PDI), [**NÓS: patrimonio in-MATERIAL!**](#), que forma parte do Plan Lector Anual, elaborado polo equipo de BE-DL, guía o noso bo facer e vertebra a Programación de Aula presidida pola Aprendizaxe Baseada en Proxectos, metodoloxía activa na que o alumnado é protagonista das súas aprendizaxes.

Os [**laboratorios de aprendizaxe**](#) que se inclúen en cada [**proposta de actividades trimestrais**](#), xunto con outras actividades de centro e con recursos documentais, dixitais, orais... facilitaron que na aula de 4º de Primaria se implementaran Tarefas Integradas que se nutiron de alfabetización en información, dando tratamento á diversidade de contidos que permitiron desenvolver as competencias clave, con autonomía, co traballo por equipos: sendo, facendo, convivindo e sabendo.

Así, ao longo do 3º trimestre seguindo a proposta de actividades trimestrais en relación cunha actividade que nos é propia, o noso [**Mes das Letras**](#), desenvolvemos a Tarefa Integrada que nesta memoria presentamos: *Malpica, a nosa vila*.

2. Temática a investigar

A temática a investigar xirou arredor do autor elixido pola Real Academia Galega para homenaxear na conmemoración do *Día das Letras Galegas 2022*: Florencio Delgado Gurriarán. Asemade, investigamos arredor da nosa vila, Malpica, protagonista do PDI que nos ocupou ao longo do curso.

Malpica, a nosa vila foi a Tarefa Integrada que, mediante o Laboratorio Documental, uniu as dúas temáticas a tratar para descubrir, coñecer, valorar, salvagardar as nosas Letras e a nosa vila. Esta foi a penúltima Tarefa Integrada do curso en relación co PDI de centro, dado que mediante os diversos laboratorios de aprendizaxe as Tarefas Integradas foron claves para a aprendizaxe activa e construtiva, documentándonos, tales como:

- [**Confundindo lendas!**](#) Laboratorio Documental co que iniciamos o curso 2021/22 e conmemoramos a *XII Semana das Lecturas Terroríficas*.
- [**Transformando!**](#) Laboratorio Experimental co que celebramos o *Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas*.
- [**Buscando a PAZ!**](#) Laboratorio de Imaxe para conmemorar a *Semana da Paz 2022* e que nos permitiu realizar unha produción final internivel: 2º ciclo de Primaria.
- [**Oficio e tradición... en feminino!**](#) Laboratorio de Son co que conmemoramos a *Semana da Muller 2022*.
- *Malpica, a nosa vila*. Laboratorio Documental para pechar un curso moi noso.
- [**Xogos 3R: Raiola**](#). Laboratorio de Ideas conmemorando o *Día do Medio Ambiente*.

3. Tarefa Integrada: *Malpica, a nosa vila*

As Tarefas Integradas constitúen un nivel de concreción curricular que se deriva da Programación de Aula e na cal se inclúe o [Plan Lector Anual 2021-22](#). O Plan Lector Anual recolle o PDI de centro que vertebrou a nosa Programación de Aula, a cal se materializou mediante Tarefas Integradas derivadas de cada laboratorio de aprendizaxe a implementar.

A proposta de actividades trimestrais elaborada e documentada pola Biblioteca Escolar foi a fonte da que bebemos para deseñar todas as Tarefas Integradas, entre elas a que presentamos na seguinte imaxe.

CEIP Milladoiro. Malpica de Bergantiños (A Coruña)		
Proxecto: <i>Malpica, a nosa vila</i> (Mes das Letras 2022)		Aula: 4º de Educación Primaria
Temporalización: do 19 de abril ao 27 de maio de 2022 (3º trimestre)		Curso: 2021/22
Competencias clave CCL CMCCT CD CAA CSC CCEC CSIEE	Produto final Dicionario Malpicán 48 preguntas-respostas: <i>E ti, de quen ves sendo?</i> Poesía de produción propia para a exposición fotográfica do centro. Podcast Radio Balea: Festexamos! Mural de aula	Recursos Documentación, recursos, exposicións BE-DL Portafolio alumnado Táboas de autoavaliación Espazos e recursos BE-LeoLab Recursos externos <i>Letras Galegas 2022</i>
Estándares avaliados Aprender a Investigar: AIB1.1.1 / AIB1.1.2 / AIB1.4.1 / AIB1.4.2 / AIB1.4.6 / AIB1.5.1 / AIB1.5.2 / AIB2.1.3 / AIB2.1.4 / AIB2.4.1 / AIB3.1.1 / AIB4.4.1 / AIB4.5.1 / AIB5.6.1 / AIB5.10.1 / AIB5.10.2 Lingua e Literatura Galega: LGB1.5.1 / LGB1.5.2 / LGB1.9.1 / LGB2.1.3 / LGB2.5.1 / LGB2.5.2 / LGB2.9.1 / LGB3.1.6 / LGB4.1.1 / LGB4.6.1 / LGB5.1.1 / LGB5.2.1 / LGB5.4.1 / LGB5.6.1 Matemáticas: MTB4.1.1 / MTB4.2.1 / MTB5.1.1 Educación Artística (Educación Plástica): EPB2.2.6 / EPB2.4.1 / EPB2.4.2 / EPB2.5.1 / EPB2.5.2 Valores Sociais e Cívicos: VSCB1.4.1 / VSCB1.4.2 / VSCB1.4.3 / VSCB2.1.1 / VSCB2.1.4 / VSCB3.2.2 / VSCB3.2.3	Actividades Dicionario Malpicán Preguntas-respostas xogo de produción propia Vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán Escrita creativa: poesía Paisaxes malpicás (tangram) Encontro con Xurxo Alfeirán Chouciño	Ferramentas TAC Portátiles e tabletas Pantalla Dixital Interactiva ubicada no LeoLab Mesa interactiva Catálogo en liña BE Milladoiro Dicionario en liña da RAG Actividades en liña RAG (Primavera das Letras) Recursos en liña Seminario Galán
Criterios de avaliación Aprender a Investigar: B1.1 / B1.4 / B1.5 / B2.1 / B2.4 / B3.1 / B4.4 / B4.5 / B5.6 / B5.10 Lingua e Literatura Galega: B1.5 / B1.9 / B2.1 / B2.5 / B2.9 / B3.1 / B4.1 / B4.6 / B5.1 / B5.2 / B5.4 / B5.6 Matemáticas: B4.1 / B4.2 / B5.1 Educación Artística (Educación Plástica): B2.2 / B2.4 / B2.5 Valores Sociais e Cívicos: B1.4 / B2.1 / B3.2	Difusión Blog de ciclo Blog da Biblioteca Blog do PDI USB alumnado (familias)	Agrupamentos/Organización 2 equipos de 5 alumnas/os 2 equipos de 4 alumnas/os Asembleas de aula Uso de BE-LeoLab, aula e corredores.

documento adaptado dun deseño de Conecta 13 @aherrerosvega

Na anterior imaxe (táboa-resumo TI) nos estándares e criterios de avaliación aparecen só os epígrafes da programación, mais pode consultarse o seu contido no seguinte enlace:

- [Programación Didáctica 4º EP](#)

4. Documentación elaborada

A documentación elaborada, polo equipo de BE-DL e pola titora para dar apoio a cada actividade, permitiu que o alumnado contase coa guía básica para un óptimo desenvolvemento competencial. Entre os documentos empregados destacamos:

Documentación elaborada polo equipo de BE-DL:

- [Proposta de actividades do 3º trimestre](#). Na proposta publicada e remitida ao claustro contamos coa folla de ruta dun 3º trimestre no que o *Mes das Letras* foi protagonista, destacando os produtos finais en relación co PDI: Dicionario Malpicán e xogo de produción propia *E ti, de quen ves sendo?*
- Plantillas Dicionario Malpicán. Plantillas para a recollida de palabras ou expresións propias da fala malpicá.
- Plantillas preguntas-respostas do xogo de produción propia: *E ti, de quen ves sendo?* Plantillas divididas en 4 categorías relacionadas coa CDU da nosa Biblioteca e en tres cores, niveis de dificultade, relacionadas cos niveis lectores.
- [Exposición AS NOSAS LETRAS! Florencio Delgado Gurriarán](#). A exposición dinamizada dende o equipo de BE-DL aportounos os recursos documentais e dixitais (código QR con enlace aos mesmos) para poder investigar arredor do autor homenaxeado o *Día das Letras Galegas 2022*.

- [Leo ámate a... investigar!](#) O caderno que acompañaba a exposición, facilitado entre os recursos do trimestre, foi o punto de partida para iniciar a investigación.

Documentación elaborada pola titora:

- [Portafolio alumnado](#). O portafolio foi o borrador de traballo sobre o cal, sempre por equipos e con asembleas de grupo, fomos desenvolvendo o proceso para chegar aos produtos finais.
- [Plantilla-borrador Dicionario Malpicán](#) para as familias. As plantillas-borrador remitidas ás familias constituíron os documentos sobre os que traballar, despois da posta en común e toma de decisións democráticas para a selección daquelas palabras ou expresións que nos resultaban máis significativas, co fin de conformar o noso Dicionario Malpicán; no cal todas/os participamos redactando e ilustrando unha ou varias plantillas.
- [Plantilla de Tarefa Integrada](#) (imaxe no *punto 3*). Programación da mesma nunha táboa-resumo que permite seguir o proceso e introducir as modificacións derivadas da súa posta en práctica, grazas á programación viva e flexible que rixe toda actividade educativa.
- Táboas de autoavaliación. Ao remate de cada Tarefa Integrada completamos dúas táboas de autoavaliación para a recollida de información sobre a Tarefa Integrada tratada e traballo en equipo, así como as capacidades desenvoltas.

5. Actividades

As Tarefas Integradas están compostas por diversas actividades que abarcan o proceso e se alimentan de exercicios variados atendendo ás necesidades do grupo-aula. A gran fortaleza das actividades radica no traballo por equipos, equipos que se

Aprender a Investigar 2021/22
Aula 4ªEP - CEIP Milladoiro (Malpica de Bergantiños)

equilibran segundo a habilidade/capacidade que cada alumna/o pode aportar ao equipo, na procura do desenvolvemento dunha autoestima positiva e equilibrada en relación cas/cos súas/seus iguais e dunha boa motivación intrínseca.

As actividades que conformaron a [Tarefa Integrada publicada no blog de ciclo](#) foron:

- [Dicionario Malpicán](#). Grazas á colaboración das familias puidemos elaborar o noso Dicionario Malpicán, que ao longo do curso foi tratado mediante exercicios varios arredor da obra de referencia: o dicionario, en formato papel e en formato dixital.
- [E ti, de quen ves sendo?](#) Buscamos no catálogo en liña da nosa BE e seleccionamos diversos exemplares para redactar posibles preguntas-respostas. En gran grupo fomos tomando decisións, analizando a información recollida para comunicar, nas plantillas facilitadas, as 48 preguntas-respostas para o xogo de produción propia do colexio en relación co PDI de centro.



Xogo de produción propia: E ti de quen ves sendo?
PDI NOS: patrimonio in-MATERIAL!
Preguntas e respostas de Ciencias Naturais
Aula 4ª Primaria – 2021/22

Preguntas:

1. Nomea 3 aves que habitan as Illas Seargas
2. Nomea 3 plantas características da flora malpica
3. Citalpido: que se pesca coa arte de trincar na nosa costa
4. O poeta bergantiño Eduardo Pondal escribiu sobre unha ave en "Queixumes dos pinos", escolle o poema e di de que ave se trata: "e van en migriña gritando e voando en demanda das Illas Seargas, seu notu reparo"
5. Cal é o animal marítimo que máis se vende na zona de Malpica?
6. Palabra malpica para referirse a vila da gaceta
7. Queño percos, dando vida natural, as parroquias de Leixón, Bullo, Cerqueda, Vilanova e Barleio?
8. Nomea dous Espacios Naturais Protexidos de Malpica
9. Cal é a temperatura media anual de Malpica?
10. Nomea 2 árbores predominantes nos bosques de Malpica
11. As Illas Seargas teñen unha grande riqueza...
12. Que peses se capturan coa arte de pesca de canco?

Respostas:

1. Gaviota (Patamanta), Corvo (Grande) e Comorón (Moludo)
2. Pino, bazo e lentio
3. O pobo
4. A gaviota
5. a) Sardíña b) Polbo c) Xurlo
6. a) Chille b) Caspa c) Polbo
7. O río Vao
8. As Illas Seargas e o cabo de Santo Adrián
9. a) 27 °C b) 5 °C c) 13 °C
10. O piñeiro e o eucalipto
11. a) Ornitoloxía b) Arte c) Monumental
12. a) Amocois e baloas b) Polbo e luras c) Sardíñas e xurlos



Xogo de produción propia: E ti de quen ves sendo?
PDI NOS: patrimonio in-MATERIAL!
Preguntas e respostas de Lingua e Literatura
Aula 4ª Primaria – 2021/22

Preguntas:

1. Cal é o animal protagonista da festa de Santo Adrián?
2. Título do libro escrito polo ilustrador Xosé María Chousa sobre 3 motivos que durante a Guerra Civil foron de Malpica para Francia
3. Nome que recibe en Malpica a arte de amarrar redes
4. Palabra malpica que define algo fabuloso, grandioso
5. Cal é o nome que designa o lugar onde, antigamente, se tiraban as redes de pesca?
6. Indícatos: Abella Chousa escribiu, en colaboración con Xosé Adrián, unha guía titulada: "Malpica: Vila de vida na..."
7. Coas palabras de outro endonupero "ma" (altura) e "pica" (pica) constrúe o nome da vila de...
8. Palabra malpica que designa as mareas
9. "Non quero ir para Bullo que é terra de ocos" como ir para Barleio

Segundo a tradición oral, que oficio non estaba ben visto na sociedade malpica tal e como recolle a canção?

10. O monitor galego Otero Pedrayo decide de Malpica que "se eles brisan..."
11. Que palabra falta no seguinte refrán malpicán? "Non se cales con ferro que é moi malo de lavar, cálate con..."
12. Palabra malpica que designa o salaricapa dun marifeso

Respostas:

1. A sape
2. Fuxiron por mar, da editorial Tascocostas
3. Atar as redes
4. Material
5. Cascaido
6. a) praia b) río c) Costa da Morte
7. Malpica
8. Patoufas
9. Oleiro
10. a) nas Seargas b) ao pé das vivendas c) no porto
11. marifeso
12. a) Piño b) Poso c) Quilón



Xogo de produción propia: E ti de quen ves sendo?
PDI NOS: patrimonio in-MATERIAL!
Preguntas e respostas de Arte e Cultura
Aula 4ª Primaria – 2021/22

Preguntas:

1. Antigamente realizában as grandes liras de pimentón dándolles unha segunda vida como...
2. Quem foi o arquitecto encargado da construción do Faro de Punta Nariña?
3. A xarreira malpica "Lucía de Pinche" animaba os partidos de fútbol cun animal mariño chamado...
4. Que nome recibe a escultura que preside o Faro de Punta Nariña?
5. Que 3 tipos de casas predominan na arquitectura malpica?
6. Onde está situada a escultura "Balo" do escultor Miguel Coulo e que foi representada nas pinturas de Urbano Lugrís?
7. Nomea un monumento prehistórico de Malpica
8. Antigamente os ocos da casa de balas usábanse como...
9. En que ano se iniciou a última prolongación do porto de Malpica?
10. Nome do xogo que consiste en agardar se ocos debaixo das pedras da ribeira e que non ligan que non mullen
11. Nome do campo de fútbol da vila de Malpica
12. Que pintor coruñés estableceu unha especial relación con Malpica, deixando unha pegada persoal e pictórica inextinguible?

Respostas:

1. a) Instrumento musical b) Elemento decorativo c) Caldoso
2. César Portela
3. Baguina ou caluro (caracola de mar)
4. Atlante
5. Casa terreo, casa con comedor e casa con galería
6. A corón da Casa do Pescador, onde nunha das súas salas se pode desfrutar dun mural de Urbano Lugrís coa balca como protagonista
7. A Pedra da Arca
8. a) Pontes b) Columnas c) Vigas
9. En 1983 (no 1929 iniciouse a construción do dique de abrigo ao que seguiron diferentes reformas)
10. a) Salieiro b) Salpicio c) Ouchear
11. a) Riazor b) Pedra Queimada c) Xaviña
12. Urbano Lugrís



Xogo de produción propia: E ti de quen ves sendo?
PDI NOS: patrimonio in-MATERIAL!
Preguntas e respostas de Xeografía e Historia
Aula 4ª Primaria – 2021/22

Preguntas:

1. Que se caçaba por mar, antigamente, en Malpica?
2. En que ano chegou o teléfono a Malpica?
3. Quem visitou Malpica en 1933 (II República) traendo cultura e educación á vila?
4. En cantas parroquias se divide o concello de Malpica?
5. Cando se inaugurou o CEIP Milladoiro?
6. Cantos kilómetros de superficie ten Malpica?
7. Quem foi o beneficiario que posibilitou a construción da fonte da praza do concello?
8. Cales son os nomes das 3 illas que conforman o arquipélago das Seargas?
9. Nome do adolescente malpicán que fuxiu por mar a Francia durante a Guerra Civil
10. Cal é a punta da terra máis santeira de Malpica?
11. Xeograficamente a vila de Malpica aséntase nunha pegada...
12. Nomea 3 praias do concello de Malpica

Respostas:

1. Balas
2. En 1949 (século XX)
3. As Misións Pedagóxicas
4. En 6 parroquias: Barco, Bullo, Cambre, Cerqueda, Leixón, Malpica, Mens e Vilanova
5. No curso 1990-91, anos 90 (século XX)
6. Ten 51 kilómetros
7. Anselmo Villar Anzorg
8. Chica, Grande e Malante
9. Manuel Graña Blanco
10. Cabo de Santo Adrián
11. a) Illa b) Península c) Baía
12. Area Maior, Bico e Cetruga/Sotega

- Un trimestre valorando... xogando! A busca de información arredor das preguntas-respostas do xogo de produción propia foi parella coa posta en práctica de diversos xogos de nova adquisición da nosa Biblio, o que nos permitiu tratar o texto instrutivo de cada xogo como actividade previa a implementación do Laboratorio de Ideas no que creamos o noso propio xogo con materiais de refugallo; así valoramos e xogamos para compartir, non para competir.
- Biografía Florencio Delgado Gurriarán. Asemade, investigamos arredor da vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán mediante os recursos da nosa Biblioteca e doutras entidades como o Seminario Galán ou a Real Academia Galega. Achegarnos a vida do autor homenaxeado, namorado da súa terra e a súa lingua, e a súa escrita afondou no coñecemento das nosas Letras e, particularmente, da poesía, xénero literario ao que adicamos o 3º trimestre xunto co enraizamento na nosa vila, Malpica, e a fala de seu.
- Escrita creativa. Desenvolvemos a escrita creativa visionando a exposición das fotografías cedidas por Xurxo Alfeirán Chouciño e seleccionando unha para ler, reinterpretar a historia de Malpica en imaxe. O traballo complementario permitiunos crear, partindo dunha nube de palabras arredor da fotografía da Malpica actual, a nosa propia produción escrita adaptando o poema de Florencio Delgado Gurriarán: *Galicia infinda*. O portafolio do alumnado, o traballo en equipos e gran grupo derivou en múltiples borradores segundo os sentimentos bulían e a emocións agromaban, así naceu *Malpica infinda*. Un poema que integrou palabras e expresións do noso Dicionario Malpicán, así como aprendizaxes desenvoltas ao longo do curso: fortaleza da

aprendizaxe construtiva onde a andamiaxe competencial, informacional forma parte do rico proceso de aprender xuntas/os, construíndo, creando, vivindo experiencias compartidas.

Produto final

Malpica infinda

Malpica é infinda, <i>che</i> !	Polo mundo fuxidos, emigrados	Onde se fale malpicán
Nosa Malpica é <i>material</i> ,	van os fillos de Berghantiños.	é terra galega!
é terra de redeiras, cantareiras...	Dende o porto da balea	Onde Malpica está,
<i>Atalora</i> non é a <i>mincha</i> de lugar	á terras francesas;	atópase ela!
que vemos nas fotos vellas.	do lonxano Perú	Malpica, terra de vida,
Iso sábeo <i>becheche</i> !	á Cerqueda galega;	ole a <i>nordestazo</i> , a marusía.
Fillos de mente baleira:	da Atalaia malpicá,	Iso sábeo <i>becheche</i> !
Malpica é infinda, <i>che</i> !	e as Sisargas de lenda...	Malpica é infinda, <i>che</i> !



Imaxe de Xurxo Allerán Chouciño

Adaptación do poema *Galicia infinda*
de Florencio Delgado Gurriarán

Aula 4ºEP – CEIP Milladoiro
Mes das Letras 2022
Letras Galegas e Malpica, a nosa vila



Imaxe de Xurxo Allerán Chouciño

*Palabras, en cursiva, que recolleemos no noso Dicionario Malpicán de produción propia grazas á colaboración das familias.
Che: reforzo da expresión. *Atalora*: agora mesmo. *Material*: fabuloso, grandioso. *Mincha*: moi pequeno. *Becheche*: alguén indeterminado. *Nordestazo*: vento forte de nordés

- Paisaxes malpicás. O tratamento da xeometría na área de Matemáticas e da técnica collage na área de Plástica permitiunos elaborar as paisaxes malpicás. Paisaxes que gardaban relación coa nosa vila, coas nosas vivencias persoais e sociais. O traballo previo desenvolveuse no LeoLab, onde con tangram e lego ideamos diferentes figuras-borrador que logo materializamos co tangram de papel en cartolina buscando un título a nosa creación, sen olvidar nomear autoras/es.
- Radio Balea: Festexamos! A nosa produción propia comunicámola, ademais de na exposición de centro e no mural de aula, en Radio Balea. Unha lectura poética na que todas/os participamos, incluída a titora por petición das/os nenas/os, para celebrar o *Día das Letras Galegas*; este curso máis significativo polo emocionante proceso vivido e produtos xerados no último

curso xuntas/os, despois de compartir 4 anos de emocionantes vivencias escolares presenciais e virtuais, pois afrontamos o reto da educación á distancia por mor da pandemia.

- [Visita de Xurxo Alfeirán](#). Pechando o mes de maio recibimos a visita de Xurxo Alfeirán, que nos narrou a historia de cada imaxe cedida para a exposición que protagonizou o 3º trimestre. As dúbidas que tiñamos sen aclarar, grazas a Xurxo, encontraron a resposta necesaria para pechar o proceso totalmente satisfeitas/os con todo o que fomos coñecendo, valorando e gardando na nosa mochila de vida.

6. Recursos e fontes de consulta

Recursos:

- Espazos e recursos creativos da BE-LeoLab Milladoiro.
- Catálogo en liña da BE Milladoiro: KOHA
- Exemplos da nosa Biblioteca: obras de referencia (dicionarios), Florencio Delgado Gurriarán e Malpica; así como xogos de nova adquisición (Concept Kids Animales, Concept, parchís-ludo multixogadores...)
- Exposición fotográfica *Malpica, a nosa vila*.
- Materiais elaborados polo Seminario Galán: biografía de Florencio Delgado Gurriarán con pictogramas, biografía para 4º de Primaria, xogo-biografía.
- Dicionario da Real Academia Galega en liña.
- Primavera das Letras. Actividades en liña.

Fontes de consulta:

- VVAA; *Malpica de Bergantiños: crónica do século XX en imaxes*; Espiral Maior, 2001
- Fernández Carrera, Xan; *A comarca de Bergantiños*; guía, 2001
- VVAA; *Lembranzas de Malpica*; Embora, 2016
- VVAA; *Andando por Bergantiños: a parroquia de Malpica*; Concello de Malpica, 2002
- VVAA; *SCD Malpica: 40 anos de futbol*; SCD Malpica, 2010
- VVAA; *Las islas Sisargas en 1948: dos visitas ornitológicas*; Embora, 2018
- Varela, Xosé Manuel; *Ruta Urbano Lugrís*; Concello de Malpica, 1998
- VVAA; *Camiños polo Concello de Malpica de Bergantiños: doce itinerarios para coñecer a beira norte da Costa da Morte*; Consorcio Municipal de Malpica de Bergantiños, 2000

7. Implicación da comunidade educativa

No presente punto destacar o traballo do persoal docente para o desenvolvemento das diferentes formacións iniciais no tocante aos laboratorios de aprendizaxe e particularmente a relacionada co Laboratorio Documental, base dos restantes laboratorios. A formación de usuari@s impartida a comezo de curso, mediante o Laboratorio Documental e reforzada dende a titoría ao longo do curso, permitiu que o alumnado fose bo usuario da súa Biblioteca contando coa competencia necesaria para a busca de fontes documentais en formato papel e dixital.

As familias son parte *sine qua non* para o óptimo desenvolvemento emocional e competencial, dado que a súa colaboración no proceso educativo das/dos súas/seus fillas/os é primordial para que a educación sexa tarefa de vida: educación activa e rica en valores, tan necesaria nos tempos que corren, para que as/os nenas/os medren con raíces sans e fortes nun mundo globalizado, con pensamento crítico e creativo na sociedade da información.

A colaboración de axentes externos ao centro, como a aportación de Xurxo Alfeirán Chouciño (veciño malpicán e mestre xubilado), enriqueceu todo o proceso e pechou o círculo da aprendizaxe en comunidade.

8. Difusión entre a comunidade

A difusión do proceso e produto ou produtos finais de todas as Tarefas Integradas levouse a cabo mediante os diferentes blogs do centro, entre eles destacar:

- [Blog de ciclo](#)
- [Blog da Biblioteca](#)
- [Blog do PDI](#)
- [Blog do LeoLab](#)

Os blogs son medios de autoavaliación, de aprendizaxe e de comunicación coa comunidade. O blog da Biblioteca recolle os produtos finais das diversas aulas do centro en relación con cada proposta de actividades e no blog de ciclo recollemos, pormenorizadamente, as aprendizaxes vividas ao longo de todo o curso.

Asemade, o equipo directivo xestiona o perfil da Biblioteca Milladoiro na rede social Facebook, medio moi utilizado por familias e comunidade.

9. Avaliación

Os criterios de avaliación recóllense no punto 3 (táboa de Tarefa Integrada) e a autoavaliación mediante táboas de recollida de información posúe gran valor pola necesidade de que o alumnado peche o proceso reflexionando sobre o mesmo e aportando suxestións de mellora ou... autofelicitacións!

Devanditas táboas poden visualizarse nos seguintes enlaces:

- [Autoavaliación de capacidades](#)
- [Autoavaliación de Tarefa Integrada](#)

Os resultados das autoavaliacións en relación coa Tarefa Intregada foron altamente positivos dada a diversidade de actividades realizadas, o que posibilitou que todas/os puxeran en práctica as súas fortalezas e se esforzasen en mellorar os puntos débiles.

O traballo en equipos, grande ou pequeno, é altamente satisfactorio para todas/os: apoio mutuo, titorización, resolución compartida de problemas, reflexión e toma de decisións, solidariedade, empatía...

Salientar que os produtos finais non son o primordial, se non que perseguimos que o proceso sexa realmente curricular, avaliable e asentado nunha metodoloxía activa que os privilexiados espazos e recursos da nosa escola, como centro LIA.2, nos posibilitan.

10. Función e participación da Biblioteca Escolar

A función e participación da Biblioteca Escolar é patente ao longo da presente memoria, dado que o equipo de BE-DL desempeña un papel relevante na dinamización da investigación, da documentación, do desenvolvemento de

metodoloxías activas na que o alumnado é protagonista das súas aprendizaxes contando, sempre, co bo facer, coa indispensable implicación e orientación do profesorado.

O abano de oportunidades, o gran apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe, en diferentes formatos, que ofrece a Biblioteca (Plan Lector Anual, PDI, propostas de actividades, exposicións, recursos documentais, dixitais, orais...) e a necesaria formación continua brinda a todo o profesorado a posibilidade de transitar cara novas metodoloxías ou facilitar o desempeño docente daquel profesorado que, xa hai tempo, adoptou a construción de aprendizaxes significativas como base das súas programacións sen usar o libro de texto como única fonte de consulta/aprendizaxe, cedendo o protagonismo ao alumnado: produtores das súas aprendizaxes.

Un privilexio de escola polos espazos, recursos, plans, programas e actividades que se desenvolven, curso tras curso, na procura de ofrecer a mellor educación pública e de calidade no rural (ODS 4 da Axenda 2030)

O vindeiro curso, ante a aplicación da nova lei educativa, será o último para a materia Aprender a Investigar; mais esperamos poder reorientar, ser creativas/os para non perder a nosa gran fortaleza: aprendendo por descubrimento, investigando, documentándonos xuntas/os ao abeiro da BE-LeoLab Milladoiro e os seus laboratorios de aprendizaxe.

Malpica, a 8 de xullo de 2022

A titora de 4ºEP: M^a Fátima Romero Olveira